

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO 5 DE ABRIL DE 2023, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

#### **DECRETOS**

##### **VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Decreto polo que se aproba o escudo do Concello de Alfoz.
- Decreto polo que se aproba a bandeira do Concello de Gondomar.

##### **CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Salvaterra de Miño de dous treitos antigos das estradas EP-4006 e EP-4102.

#### **ACORDOS**

##### **VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INNOVACIÓN E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza o compromiso plurianual de transferencias correntes, a superar o límite e a eximir da constitución de garantías no pagamento anticipado derivado da Resolución pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica que aproba as bases reguladoras das axudas para a contratación de xestores de internacionalización e se procede á súa convocatoria plurianual para os anos 2023, 2024 e 2025 en réxime de concorrencia non competitiva, por un importe total dun millón trescentos mil euros (1.300.000,00 €).
- Acordo polo que se toma razón da resolución da convocatoria das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Acordo polo que se aproba o protocolo, no ámbito da Administración de xustiza de Galicia, para a prevención, detección, actuación e resolución de situacións de acoso laboral e outras discriminacións no traballo.
- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto de carácter plurianual para o financiamento das axudas ao abeiro da Orde da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación e se procede á súa convocatoria para o ano 2023, por un importe total de seis millóns de euros (6.000.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto de carácter plurianual respecto da convocatoria de 4 bolsas de formación, dirixidas a persoas cun título universitario ou cun título de técnico superior de formación profesional, para a realización de prácticas en asuntos relacionados coa Unión Europea na oficina da Fundación Galicia Europa en Bruxelas e a concesión de pagamentos á conta por un importe superior ao 80% da porcentaxe subvencionada.

### **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

- Acordo polo que se toma razón da resolución pola que se aproban as bases reguladoras do Programa de avais para a mocidade, se dá publicidade do convenio para asinar entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e as entidades financeiras para a concesión destes avais e se procede á convocatoria do programa para o ano 2023, por un importe de cinco millóns de euros (5.000.000€).
- Acordo polo que se autoriza o inicio de tramitación do Anteproxecto de decreto polo que se aproba o Plan de xestión do monumento natural Costa de Dexo (Oleiros-A Coruña) e se modifica o Decreto 101/2000, do 31 de marzo, polo que se declara monumento natural a Costa de Dexo.
- Acordo polo que se toma razón da Axenda de monumentos naturais de Galicia.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade a superar a porcentaxe nos pagamentos anticipados e a adquirir compromisos de carácter plurianual, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2023. Importe total: trinta e oito millóns novecentos oitenta e oito mil setecentos trinta euros con sesenta e nove céntimos (38.988.730,69€).
- Acordo polo que se toma razón do convenio de colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e a Fundación Ronsel para o desenvolvemento dun programa *mentoring* traballo autónomo.

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación dos servizos de desenvolvemento para a evolución das aplicacións e módulos que conforman o sistema de información de historia clínica electrónica do Servizo Galego de Saúde, dentro do Plan de recuperación, transformación e resiliencia – financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU. Proxecto financiado con cargo ao Plan de transformación dixital e modernización das comunidades autónomas, compoñente 11 do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, investimento 3, por un importe total de licitación de sete millóns oitocentos cinco mil novecentos cincuenta e dous euros (7.805.952,00 €) con IVE, e un valor estimado de sete millóns setecentos corenta e un mil catrocentos corenta euros (7.741.440,00 €) sen IVE.
- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de todo o material funxible necesario para a realización de probas de determinación de gases en sangue, así como o arrendamento, sen opción de compra, do equipamento necesario para a realización das ditas probas e o mantemento dos ditos equipamentos nos centros sanitarios dependentes do Servizo Galego de Saúde, tramitado co nº de expediente AI-ASL1-23-010 para un período de tres anos de contrato máis dous anos de prórroga e cun orzamento de tres millóns catrocentos setenta e seis mil novecentos catro euros con oitenta céntimos (3.476.904,80 €), IVE incluído, e un valor estimado de cinco millóns trescentos sesenta e tres mil oitocentos vinte euros con dous céntimos (5.363.820,02 €).

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE**

- Acordo polo que se aproba o texto do Proxecto de decreto polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa individual de atención e a organización e o funcionamento dos órganos técnicos competentes, para os efectos do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.

### **INFORMES**

### **VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Informe sobre subvencións para promover o autoemprego e a actividade emprendedora na Comunidade Autónoma galega das persoas emigrantes galegas retornadas ante a nova convocatoria desta liña de axudas.
- Informe sobre axudas extraordinarias a persoas emigrantes galegas retornadas, que abrirán a súa convocatoria a vindeira semana.

### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Informe sobre o programa de actuacións en favor do sector cárnico galego.

### **CONSELLERÍA DO MAR**

- Informe sobre a Orde de axudas pola que se regulan as bases e a convocatoria para o ano 2023 das axudas, en réxime de concorrencia competitiva, por paralización temporal da actividade marisqueira, ás persoas armadoras e aos tripulantes das embarcacións afectadas pola veda temporal nos bancos de libre marisqueo da ría de Arousa (Os Lombos do Ulla, O Bohído e Cabío).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS


### A XUNTA APROBA NOVOS SÍMBOLOS HERÁLDICOS PARA OS CONCELLOS DE GONDOMAR E ALFOZ

- O Consello da Xunta deu o visto e praxe aos decretos polos que se aproba a bandeira do municipio de Gondomar e o escudo do de Alfoz
- O Goberno autonómico aproba escudos e bandeiras das entidades locais de Galicia atendendo ás peticións dos concellos para adoptar os seus símbolos segundo o decreto que os regula

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe aos decretos polos que aproban a bandeira do concello pontevedrés de Gondomar, así como o escudo do municipio lugués de Alfoz, que xa recibirán informe favorable na reunión da Comisión de Heráldica do pasado 10 de marzo.

Este órgano consultivo da Xunta de Galicia, adscrito á consellería competente en materia de réxime local, é o encargado de emitir informes vinculantes de aprobación, modificación ou rehabilitación de escudos heráldicos e bandeiras das entidades locais galegas.

Segundo vén definido no decreto, no caso de Gondomar a bandeira leva o pano azul e o canón de amarelo, coa súa cureña e rodas de branco, e enriba os dous sabres de cabalaría de branco, gornecidos de amarelo e dispostos en aspa. Terzada de vermello, á hasta, cos trece bezantes amarelos (Sarmiento) e de amarelo, no batente, coas cuñas azuis (Acuña).



O Consello da Xunta tamén aprobou o escudo do municipio de Alfoz. É de sinople (verde), o castelo de prata (branco), dunha torre e con tres ordes de xanelas ocas ou sen aclarar; bordura componada de dezaseis pezas de ouro (amarelo) e veros ondados. No timbre, coroa real pechada.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS



O Goberno galego aproba escudos e bandeiras das entidades locais de Galicia no seo da Comisión Heráldica da Xunta, tras a petición dos respectivos concellos de adoptar, modificar ou rehabilitar os seus símbolos, en aplicación do Decreto 19/2010, do 11 de febreiro, que os regula.

Os municipios e as demais entidades locais de Galicia poden adoptar escudos heráldicos e bandeiras propios e privativos, modificar os xa existentes ou rehabilitar os que historicamente se empregasen, baseándose sempre en feitos históricos ou xeográficos característicos e peculiares do seu territorio e conforme as normativas de heráldica.

Ningunha entidade local de Galicia poderá utilizar escudo heráldico ou bandeira que non fosen aprobados polo Consello da Xunta de Galicia, sen prexuízo daqueles que foron aprobados pola Administración do Estado con anterioridade á transferencia de competencias a favor da Comunidade Autónoma de Galicia.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA AUTORIZA O CAMBIO DE TITULARIDADE A PROL DO CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO DE DOUS TREITOS ANTIGOS DE ESTRADAS PROVINCIAIS NO CONTORNO DO CEIP DE LEIRADO E NO LUGAR DAS CAVADAS**

- Transfírense 928 metros da marxe dereita da EP-4006 Ponteareas-As Neves, que atravesa o lugar de Leirado; e o treito da marxe dereita da EP-4102 Leirado-Lira de 358 metros de lonxitude, no lugar das Cavadas
- O Concello asume a titularidade destes treitos e terá a responsabilidade da súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Salvaterra do Miño de dous treitos antigos de dúas estradas provinciais no contorno do colexio público CEIP de Leirado e no lugar das Cavadas.

Concretamente, transfírese o treito antigo da marxe dereita da estrada provincial EP-4006 Ponteareas-As Neves, de 928 metros de lonxitude, con inicio no punto quilométrico 5+875. O treito que se transfire atravesa o lugar de Leirado nun contorno que conta con numerosas edificacións, xunto co colexio público CEIP Leirado.

O outro treito obxecto de transferencia é un tramo antigo da EP-4102 Leirado-Lira, no lugar das Cavadas, de 358 metros de lonxitude, que se inicia á altura do quilómetro 0+800, na súa marxe dereita.

A transferencia tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo Consello da Xunta, o Concello de Salvaterra de Miño terá a competencia para actuar nestes treitos e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.


Nas seguintes imaxes amósanse os tramos obxecto da transferencia autorizada hoxe.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

EP-4006 Pontearreas-As Neves:



EP-4102 Leirado – Lira



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DESTINA 1,3 M€ PARA QUE AS PEMES GALEGAS CONTRATEN XESTORES DE INTERNACIONALIZACIÓN PARA IMPULSAR AS SÚAS VENDAS NO EXTERIOR**

- O Igape activa unha nova convocatoria dunha liña que facilita a incorporación ao mercado laboral de profesionais con formación ou experiencia en comercio internacional co obxectivo de apoiar o tecido empresarial na busca de novos mercados
- As axudas poderán acadar ata o 90% do custo da contratación e os beneficiarios poderán solicitar anticipos de ata o 50% dos apoios

O Consello da Xunta aprobou hoxe unha nova convocatoria de Xestores de internacionalización, un programa que permite ás pemes participantes contratar profesionais con formación ou experiencia en comercio exterior co fin de seguir mellorando as vendas internacionais do tecido empresarial galego.

En concreto, a iniciativa, impulsada pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación a través do Igape, destina 1,3 millóns de euros para fortalecer a especialización en comercio exterior e a contratación de preto de medio cento de xestores por un período de ata 18 meses.

A través desta convocatoria, que se publicará en vindeiras datas no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), búscase facilitar a adquisición de competencias profesionais en materia de internacionalización e a incorporación ou reinserción no mercado laboral de profesionais no ámbito do comercio exterior.

Neste sentido, aquelas pemes que teñan o seu domicilio social e un centro de traballo en Galicia e que acrediten ter en marcha un proxecto de internacionalización para o que se require contratar profesionais en comercio exterior poden presentar a súa solicitude para obter tanto información sobre profesionais con formación especializada como apoio económico para a súa contratación.

A iniciativa contribúe así á captación profesional de expertos en internacionalización de empresas, á mellora da súa empregabilidade para facilitar o seu acceso ao mercado laboral e ao desenvolvemento de proxectos de internacionalización das pemes galegas, nos que colaborarán os xestores achegando os seus coñecementos e experiencia.

As axudas poderán acadar ata o 90% do custo de contratación e os beneficiarios poderán solicitar anticipos de ata o 50% dos apoios. Así mesmo, os xestores, ademais de estar dados de alta como demandantes de emprego na data da contratación, deben

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

contar con titulación universitaria, con titulación de formación profesional de técnico superior en comercio internacional ou cun certificado de profesionalidade de comercio exterior ou comercio internacional.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA IMPULSARÁ A COMPETITIVIDADE DOS PARQUES EMPRESARIAIS DE 29 CONCELLOS GALEGOS CUN INVESTIMENTO DE 2,1M€**

- As axudas aprobadas no Consello da Xunta destínanse á mellora de iluminación, depuración de augas, xestión de residuos, infraestruturas viarias ou instalacións de seguridade, contra incendios e contra o roubo de cable, así como servizos de subministración de gas ou hidróxeno verde
- Todas as actuacións se levarán a cabo en concellos emprendedores

O Consello da Xunta avaliou na súa reunión desta mañá a resolución provisional da orde de axudas destinada á mellora e modernización dos parques empresariais galegos. Un total de 29 municipios, todos eles concellos emprendedores, recibirán 2,1M€.

Estas axudas, de ata un máximo de 120.000 euros por proxecto -podían presentarse dúas solicitudes por concello-, están destinadas á implantación de iluminación pública eficiente, plantas de depuración de auga, xestión de residuos, instalación de sistemas de seguridade, contra incendios e contra o roubo de cable, servizos centralizados de subministración de gas e hidróxeno verde, así como á mellora de infraestruturas viarias. Cómpre destacar que esta última foi a actuación máis demandada.

Entre os proxectos apoiados destacan os investimentos de 150.000 euros que realizarán os concellos de San Cristovo de Cea (Ourense) para a mellora da infraestrutura viaria do polígono; Sarria (Lugo), que tamén impulsará as infraestruturas viarias no parque empresarial do Morelle; e Vila de Cruces (Pontevedra) que instalará unha depuradora de auga no polígono do Camballón, así como o investimento de 88.000 euros en Coirós, na provincia da Coruña, para implantar sistemas de protección contra incendios no parque industrial de Pedrapartida. Os beneficiarios poderán acceder a anticipos do 25%.

Esta liña contribúe a apoiar os concellos galegos e pretende ser, ademais, un impulso para a captación de investimentos en Galicia. Neste sentido, encaixa nas medidas que fomenta a Lei de implantación empresarial, na que os concellos emprendedores teñen un papel fundamental á hora de colaborar co Goberno galego para achegar ás empresas beneficios fiscais, acceso ao solo e facilidades administrativas a cambio de contar con prioridade en ordes de axudas como estas.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**
**LISTAXE DE BENEFICIARIOS**
**A CORUÑA**

CONCELLO BENEFICIARIO	POLÍGONO INDUSTRIAL	INVESTIMENTO SUBVENCIONABLE	AXUDA CONCEDIDA	ACTUACIÓN SUBVENCIONADA
Concello das Somozas	As Somozas	150.000 €	110.835,80 €	PAVIMENTACIÓN VÍA PRINCIPAL NO POLÍGONO INDUSTRIAL DAS SOMOZAS
Concello de Boiro	Parque empresarial de Espiñeira	59.745,77 €	47.796,62 €	MELLORA DE INFRAESTRUTURAS NO PARQUE EMPRESARIAL DE ESPÍNEIRA: ILUMINACIÓN PÚBLICA
	Parque empresarial de Espiñeira	82.209,38 €	65.767,50 €	MELLORA DE INFRAESTRUTURAS NO PARQUE EMPRESARIAL DE ESPÍNEIRA: INFRAESTRUTURA VIARIA
Concello de Cabanas	Vilar do Colo	59.999,99 €	47.999,99 €	MELLORA DE ACCESOS NO PARQUE EMPRESARIAL DE VILAR DO COLO: RÚAS MAREIRA E MARIÑASOL
Concello de Coirós	Pedrapartida	88.021,09 €	70.416,87 €	SISTEMAS PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS PARQUE EMPRESARIAL DE COIRÓS
Concello de Fene	Vilar do Colo	123.474,47 €	98.779,58 €	MELLORA DA SINALIZACIÓN E ACCESIBILIDADE AO POLÍGONO VILAR DO COLO DESDE O ACCESO OESTE
Concello de Noia	Augalevada	56.801,11 €	45.440,89 €	ACONDICIONAMENTO DE INFRAESTRUTURAS VIARIAS NO POLÍGONO INDUSTRIAL DE AUGALEVADA
Concello de Oroso	Sigüeiro	150.000 €	120.000 €	MELLORA DE REDE VIARIA NA AVENIDA ÁLVARO CUNQUEIRO E NA RÚA MESÍA, SUBSTITUCIÓN DE CANLE NA RÚA CURROS ENRÍQUEZ

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

 San Caetano, s/n  
 15704, Santiago de Compostela  
 T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)


## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Concello de Ponteceso	Tella	32.615,84 €	26.092,67 €	MELLORA ACCESO PARQUE EMPRESARIAL TELLA FASE III
Concello de Santa Comba	Santa Comba	84.837,09 €	67.869,67 €	MELLORA DO ACCESO SUESTE AO PARQUE EMPRESARIAL DE SANTA COMBA
Concello de Tordoia	Pedra Salgueira	8.520,04 €	6.816,03 €	RENOVACIÓN DE INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN PÚBLICA EN PEDRA SALGUEIRA

## LUGO

CONCELLO BENEFICIARIO	POLÍGONO INDUSTRIAL	INVESTIMENTO SUBVENCIONABLE	AXUDA CONCEDIDA	ACTUACIÓN SUBVENCIONADA
Concello de Castro de Rei	Castro de Ribeiras de Lea	17.593,40 €	14.074,72 €	MELLORA DE INFRAESTRUTURAS NO PARQUE EMPRESARIAL DE CASTRO DE RIBEIRAS DE LEA
Concello de Outeiro de Rei	Outeiro de Rei	135.710,88 €	108.568,70 €	MELLORA DE INFRAESTRUTURAS VIARIAS NO PARQUE EMPRESARIAL DE OUTEIRO DE REI
Concello de Sarria	Morelle	150.000 €	120.000 €	MELLORA DE INFRAESTRUTURAS VIARIAS NO POLÍGONO INDUSTRIAL DE MORELLE
Concello do Saviñao	O Peago	69.115,20 €	55.292,16 €	ACONDICIONAMENTO DO PARQUE EMPRESARIAL DO PEAGO

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**
**OURENSE**

CONCELLO BENEFICIARIO	POLÍGONO INDUSTRIAL	INVESTIMENTO SUBVENCIONABLE	AXUDA CONCEDIDA	ACTUACIÓN SUBVENCIONADA
Concello da Gudiña	A Gudiña	116.903,38 €	93.522,70 €	MELLORA DE REDE DE SANEAMENTO DO POLÍGONO INDUSTRIAL DA GUDIÑA
Concello de Pontedeiva	Trado	108.101,10 €	86.480,88 €	MELLORA DO ACCESO AO POLÍGONO EMPRESARIAL DE TRADO
Concello de San Cibrao das Viñas	Barreiros	52.552,94 €	42.042,35 €	MELLORA DO FIRME DE VÍAS NO POLÍGONO INDUSTRIAL DE BARREIROS
	San Cibrao das Viñas	51.832,75 €	41.466,20 €	MELLORA DA REDE TRONCAL DE VIDEOVIXILANCIA NO POLÍGONO INDUSTRIAL DE SAN CIBRAO
Concello de San Cristovo de Cea	San Cristovo de Cea	150.000 €	120.000 €	INFRAESTRUTURA VIARIA NO POLÍGONO INDUSTRIAL DE SAN CRISTOVO DE CEA
Concello de Vilamarín	Tamallancos	48.098,64 €	38.718,91 €	MELLORA DA XESTIÓN DE RESIDUOS DE VIDRO E CARTÓN NO PARQUE EMPRESARIAL DE TAMALLANCOS
	Tamallancos	38.697,95 €	30.958,36 €	MELLORA DA ACCESIBILIDADE E SEGURIDADE NO ACCESO E NAS VÍAS DO POLÍGONO EMPRESARIAL DE TAMALLANCOS
Concello do Barco de Valdeorras	A Raña	150.000 €	120.000 €	MELLORA DE INFRAESTRUTURAS NO POLÍGONO INDUSTRIAL DO BARCO DE VALDEORRAS

**COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA**

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**
**PONTEVEDRA**

CONCELLO BENEFICIARIO	POLÍGONO INDUSTRIAL	INVESTIMENTO SUBVENCIONABLE	AXUDA CONCEDIDA	ACTUACIÓN SUBVENCIONADA
Concello da Cañiza	Uceira (antigo Mercado)	28.140,80 €	22.512,64 €	MELLORA NO PARQUE EMPRESARIAL DE UCEIRA
Concello da Lama	Racelo	52.026,73 €	41.621,38 €	MELLORA DE INFRAESTRUTURAS VIARIAS INTERIORES NO PARQUE EMPRESARIAL DE RACELO
Concello de Cambados	Sete Pías-Oubiña	108.242,11 €	86.593,69 €	DOTACIÓN DE INFRAESTRUTURAS NO POLÍGONO INDUSTRIAL DE SETE PÍAS
Concello de Campo Lameiro	A Facha	51.571,27 €	41.257,02 €	ALMACENAMENTO DE RESIDUOS
Concello de Meaño	A Pedreira	53.636,28 €	42.909,02 €	AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO DO POLÍGONO INDUSTRIAL DA PEDREIRA
Concello de Salvaterra de Miño	Chan da Ponte	7.005,37 €	5.604,30 €	MELLORA DO ACCESO AO POLÍGONO DE CHAN DA PONTE
Concello de Sanxenxo	Nantes	150.000 €	120.000 €	INSTALACIÓN DE LUMINARIAS LED NO PARQUE EMPRESARIAL DE NANTES
Concello de Valga	Campaña	51.888,36 €	41.510,69 €	MELLORA DOS ACCESOS E INFRAESTRUTURAS DO PARQUE EMPRESARIAL DE CAMPAÑA
Concello de Vila de Cruces	O Camballón	150.000 €	120.000 €	INSTALACIÓN DE DEPURADORA DE AUGA NO POLÍGONO INDUSTRIAL DO CAMBALLÓN

**COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA**



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA APROBA O PROTOCOLO CONTRA O ACOSO LABORAL PARA O PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

- O Consello da Xunta da o visto e praxe ao texto co que se pretenden erradicar as condutas de acoso laboral e outras discriminacións no traballo no eido da xustiza, co obxectivo de garantir a asistencia e protección das persoas afectadas
- O protocolo prevé a creación dun comité de intervención que se encargará de recibir a solicitude, levar a cabo a investigación e trasladar as conclusións para, posteriormente, decidir o seu arquivamento ou a incoación dun expediente disciplinario

O Consello da Xunta aprobou hoxe o protocolo para a prevención, detección, actuación e resolución de situacións de acoso laboral e outras discriminacións no traballo no ámbito da Administración de xustiza. Con este texto, o Goberno galego pretende a erradicación total destas condutas, corrixir as consecuencias inadecuadas derivadas de situacións de calquera tipo de acoso laboral e garantir a seguridade, integridade, confidencialidade e dignidade das persoas que sofren estas situacións, ao prestarlles en todo momento a asistencia e a protección necesarias. Ademais, o documento determina as actuacións e os órganos que deben intervir na resolución de cada caso co fin de garantir un tratamento axeitado na súa valoración.

O protocolo, que xa foi aprobado na Mesa Sectorial con todas as organizacións sindicais, vai dirixido ao persoal da Administración de xustiza de Galicia do corpo de médicos forenses, xestión procesual, tramitación administrativa e auxilio xudicial. Recolle a aplicación das medidas de prevención e correctoras e outros recursos necesarios para a resolución temperá dos casos de acoso laboral e outras discriminacións, o que dá lugar a circuítos áxiles de intervención.

Con este plan tamén se busca poñer en marcha estratexias de sensibilización, obter a información necesaria para dar coa mellor diagnose neste ámbito e mellorar as canles de coordinación interdepartamentais e con outros organismos que traballan nesta temática, co obxectivo de favorecer unha actuación integral.

Para a aplicación do protocolo prevese a creación dun comité de intervención integrado por representantes da Administración e das organizacións sindicais, que se encargará de recibir a solicitude e levar a cabo a investigación dos feitos cando proceda. Para iso, antes de iniciar as pescudas o Comité establecerá se a solicitude cumpre cos criterios fixados para que a situación exposta se considere un caso de acoso.

No caso de que non se cumbran estes criterios, o Comité propondrá a Dirección Xeral de Xustiza o seu arquivamento. En caso contrario, se hai indicios realizarase a investigación

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

e trasladarase o correspondente informe á Dirección Xeral, con conclusións e propostas de medidas correctoras necesarias.

A investigación incluírá entrevistas ás persoas afectadas, tanto ás presuntas persoas responsables como á presunta vítima do acoso ou dunha situación discriminatoria por razón de orixe racial ou étnica, sexo ou orientación sexual, relixión ou conviccións, discapacidade, idade, lingua, opinión, lugar de nacemento ou veciñanza, e calquera outra circunstancia persoal ou social.

Unha vez recibido o informe final coas conclusións do Comité de Intervención, a Dirección Xeral de Xustiza determinará se procede o arquivamento do expediente ou a proposta de incoación dun expediente disciplinario. En calquera fase do procedemento ambas as partes, e de forma voluntaria, poderán solicitar a incoación da institución da mediación.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA APROBA AS AXUDAS PARA OS PROXECTOS DE COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO CUN ORZAMENTO DE 6 M€

- O Consello da Xunta aprobou estas axudas plurianuais que contan con 5,3M€ para os proxectos no exterior de ONGD e outros 700.000€ no caso doutros axentes de cooperación
- Coa finalidade de acadar unha maior redistribución dos fondos poderanse financiar, como máximo, dous proxectos en ambas as liñas, sempre que un deles se leve a cabo nun país considerado prioritario no Plan director da cooperación galega
- Financiaranse proxectos para propiciar o desenvolvemento integral dos países de intervención, contribuír á mellora das condicións de vida dos seus habitantes e aliviar e corrixir as situacións de pobreza

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se autoriza a concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación e se procede á súa convocatoria para este ano por un importe total de 6M€. Desta contía, 5,3M€ son para proxectos no exterior de ONGD e os 700.00 euros restantes para proxectos no exterior doutros axentes.

A través desta orde financiaranse proxectos cuxo obxectivo é o de propiciar o desenvolvemento integral dos países de intervención, contribuír á mellora das condicións de vida dos seus habitantes e aliviar e corrixir as situacións de pobreza para acadar un desenvolvemento humano solidario.

Coas actuacións previstas preténdese dar cobertura ás necesidades sociais básicas, como a educación e a saúde, o abastecemento de auga e saneamento, a xestión de recursos hídricos, a habitabilidade e tamén a promoción do tecido económico en materia de agricultura, desenvolvemento rural, pesca e acuicultura.

Como novidade, poderase solicitar o anticipo previsto para a segunda anualidade cunha porcentaxe de execución da primeira anualidade do 75%, cando anteriormente se exixía o 100%. Ademais, permitírase presentar a documentación xustificativa nun prazo de tres meses desde que finalicen as actividades subvencionadas e duplícase o período de execución dos proxectos, de tres a seis meses. Estas modificacións resultan da adaptación da nova Lei 10/2021, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Coa finalidade de acadar unha maior redistribución dos fondos poderanse financiar, como máximo, dous proxectos, tanto no caso de execución por parte de ONGD como doutros axentes, e ben sexan individuais o en agrupación. Deben cumprir o requisito de que polo menos un dos proxectos sexa executado nun país definido como prioritario no IV Plan director da cooperación galega, isto é, Nicaragua, Guatemala, Honduras, O Salvador, A República Dominicana, Perú, Ecuador, Bolivia, Mozambique, Guinea Bissau e Cabo Verde. Do mesmo xeito que na convocatoria de 2022, a subvención distribúese cun 40% en 2023 e un 60% en 2024.

### **Bolsas de formación na Fundación Galicia Europa**

O Consello da Xunta aprobou tamén hoxe a convocatoria da Fundación Galicia Europa (FGE) de catro bolsas destinadas a titulados universitarios ou con título de técnico superior de Formación Profesional para formarse en asuntos relacionados coa Unión Europea.

Trátase dun programa anual que a FGE leva a cabo cada ano para potenciar o coñecemento sobre asuntos comunitarios desde unha perspectiva galega.

Do total de catro bolsas, tres estarán dirixidas a persoas cun título universitario e a outra para técnicos superiores de Formación Profesional.

Das destinadas aos titulados universitarios, dúas son para a formación xeral en asuntos comunitarios e unha para a formación en comunicación das políticas comunitarias e da participación galega en asuntos europeos. A bolsa destinada a técnico superior de Formación Profesional será para a realización de prácticas de secretariado e apoio administrativo. O programa formativo das bolsas terá unha duración máxima de 11 meses.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA AVANZA QUE A XUNTA CONVOCARÁ ESTE MES AVAIS PÚBLICOS PARA A COMPRA DE VIVENDA POR PARTE DE MENORES DE 36 ANOS**

- Destaca que é “a primeira vez” que a administración autonómica lanza este tipo de apoios para facilitar o acceso da mocidade a unha vivenda
- Subliña que o programa parte cun orzamento inicial de 5 M€ que “poderá ampliarse” en función da “aceptación e as solicitudes” recibidas
- A contía do aval poderá chegar ata o 20% do prezo de adquisición do inmovible, que terá que utilizarse como residencia habitual e permanente do beneficiario
- Os solicitantes deberán acreditar uns ingresos anuais de entre 16.800 € e 46.200 € e, se a adquisición se realiza por máis dunha persoa, o límite elevarase ata os 54.600 €

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, avanzou hoxe que o Goberno galego convocará este mes de abril un programa de avais públicos dirixido á mocidade para a adquisición da súa primeira vivenda. Destacou que se trata “da primeira vez” que a administración autonómica pon en marcha unha medida deste tipo co obxectivo de facilitar o acceso a unha vivenda en propiedade “aos menores de 36 anos”.

Tal e como explicou Rueda, trátase dunha medida recollida na Lei dos orzamentos xerais da Comunidade de 2023, que autoriza o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) para a concesión de avais con destino á compra da primeira vivenda por parte de mozos e mozas, cun límite máximo do 20% do prezo de compravenda.

Rueda explicou que o Consello tomou hoxe razón da resolución pola que se aproban as bases reguladoras deste programa que contará cun orzamento inicial de 5 millóns de euros e “que pode ser ampliable segundo a aceptación e solicitudes” que se reciban. O presidente asegurou que a Xunta agarda “demanda” deste tipo de avais ante o actual contexto económico que dificulta tanto o alugueiro como a compravenda de vivendas.

Para poder obter un destes avais será condición imprescindible que a hipoteca para a cal se solicita supoña entre o 80% e o 100% do importe de adquisición da vivenda, e as contías que aboe a persoa beneficiaria deberán destinarse exclusivamente ao pagamento desta débeda hipotecaria. Ademais, Rueda lembrou que cando o mozo “abone ao banco a mesma contía de hipoteca que teña de aval, este quedará cancelado”.

Entre os requisitos para acceder a estes avais, o presidente explicou que a vivenda avalada terá que estar localizada en Galicia e “destinarse a residencia habitual do comprador”, polo menos, “durante o período de duración do aval”.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, indicou que o importe de adquisición do inmoble non poderá superar as seguintes contías: "240.000 euros nos concellos da Coruña, Santiago de Compostela, Vigo, Pontevedra e Ourense; 180.000 euros se se localiza nas cidades de Lugo e Ferrol" ou en concellos de tamaño medio e carácter periurbano, "e 130.000 euros no resto dos municipios galegos". Deste xeito, e tendo en conta que o aval non pode superar o 20% do prezo de compra da vivenda, a contía máxima da axuda que concederá a Xunta será de 48.000 euros para o primeiro grupo de concellos, de 36.000 euros para o segundo, e de 26.000 euros para o terceiro.

En canto aos requisitos dos beneficiarios, Rueda resaltou que ademais de ter menos de 36 anos no momento da solicitude, cómpre mencionar que, con carácter xeral, "non poderán ser propietarios ou usufrutuarios doutra vivenda en España" e "deberán acreditar uns ingresos de entre 2 veces o Iprem (16.800 euros anuais) e 5,5 veces o Iprem (46.200 euros)". En caso de que a compra a realice máis dunha persoa e cumbran o resto de requisitos, os ingresos conxuntos poderán chegar ata 6,5 veces o Iprem (54.600 euros).

Unha vez que o Consello da Xunta tomou razón da resolución, a previsión é que a convocatoria do programa se publique no *Diario Oficial de Galicia* antes de que remate este mes de abril e permanecerá aberta ata o 30 de novembro.

Estes avais públicos facilitarán o acceso á súa primeira vivenda en propiedade aos menores de 36 anos, que moitas veces dispoñen de recursos para asumir unha hipoteca pero carecen de aforros para o pagamento da entrada. Ademais, serán compatibles con todas as axudas que xestiona e convoca anualmente a Xunta co mesmo fin en Galicia. Nesta liña, o presidente lembrou que estes avais poderán complementarse coa bonificación xa existente no Imposto de Transmisión Patrimoniais para os mozos que adquiren unha vivenda.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA PRESENTA A AXENDA DOS MONUMENTOS NATURAIS DE GALICIA CO FIN DE QUE O 100% DESTES ESPAZOS TEÑAN INICIADA A TRAMITACIÓN DOS SEUS PLANS DE XESTIÓN EN 2023**

- O Consello autorizou hoxe a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a empezar a traballar no Plan da Costa de Dexo, que será o cuarto monumento natural en dotarse deste instrumento
- A previsión é iniciar a finais de abril o procedemento para redactar o Plan de Pena Corneira e que no segundo semestre do ano comecen a tramitarse os da Carballa da Rocha, o Souto de Rozabales e o Pregamento xeolóxico de Campodola-Leixazós
- Estes plans permitirán facer unha diagnose precisa do estado destes espazos naturais e dos valores que é preciso protexer, así como establecer as medidas de planificación e xestión que permitan asegurar o seu mantemento nun estado de conservación favorable

O Consello da Xunta autorizou hoxe a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a comezar o procedemento para preparar o Plan de xestión do monumento natural Costa de Dexo, que se enmarca na Axenda dos monumentos naturais de Galicia, que ten como obxectivo que o 100% destes espazos protexidos teñan iniciada a tramitación dos seus instrumentos de planificación en 2023.

Os monumentos naturais son espazos ou elementos da natureza constituídos basicamente por formacións de notoria singularidade, rareza ou beleza, que merecen ser obxecto dunha protección especial. Tamén se consideran monumentos naturais as árbores senlleiras e monumentais, as formacións xeolóxicas, os xacementos paleontolóxicos e mineralóxicos, os estratotipos e os demais elementos da xea que reúnan un interese especial pola singularidade ou a importancia dos seus valores científicos, culturais ou paisaxísticos, sempre que sexan declarados como tales.

Nos monumentos naturais limitarase, con carácter xeral, a explotación dos recursos, agás cando esta explotación sexa plenamente coherente coa conservación dos valores que se pretenden protexer, conforme o establecido nas súas normas de declaración ou xestión, ou naqueles casos en que, por razóns de investigación ou conservación ou por se tratar de actividades económicas compatibles cun mínimo impacto e que contribúan ao benestar socioeconómico ou da poboación, se permita a dita explotación, logo de autorización administrativa.

Galicia conta con 8 monumentos naturais, que son a Praia das Catedrais, o Souto da Retorta, a Fraga de Catasós, o Souto de Rozabales, o Pregamento xeolóxico Campodola-Leixazós, a Costa de Dexo, a Carballa da Rocha e a Serra de Pena Corneira.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Deste xeito, e tendo en conta que a Praia das Catedrais, o Souto da Retorta e a Fraga de Catasós xa contan cun plan de xestión, e logo de que o Consello autorizase hoxe o inicio da tramitación do da Costa de Dexo, a previsión é que a finais do mes de abril se inicie o procedemento para redactar o Plan de Pena Corneira e que no segundo semestre deste ano comece a tramitación dos da Carballa da Rocha, o Souto de Rozabales e o Pregamento xeolóxico de Campodola-Leixazós.

A intención do Goberno galego con esta medida é completar canto antes a planificación dos 5 monumentos naturais pendentes e seguir traballando na ordenación e mellora dos 3 que xa contan cunha ferramenta propia de xestión.

### **Plan de xestión do Monumento Natural Costa de Dexo**

A Costa de Dexo será o cuarto monumento natural que contará cun instrumento de planificación. Este plan permitirá facer unha diagnose precisa do estado deste espazo natural e dos valores que é preciso protexer e, a través desta recompilación de información, estableceranse as medidas de planificación e xestión que permitan asegurar o seu mantemento nun estado de conservación favorable.

Así, este instrumento de xestión, cuxo prazo de elaboración será dun máximo de dous anos e que terá unha vixencia indefinida, deberá incluír a delimitación do seu ámbito de protección; os posibles riscos que poidan afectar os seus valores naturais; os obxectivos de conservación; as normas de uso e aproveitamento do solo e os recursos naturais; as normas relativas ao uso público, así como ás actividades científicas e educativas; a programación de actuacións que se van desenvolver; o programa de seguimento; a identificación das medidas para garantir a conectividade ecolóxica, establecendo e restablecendo corredores con outros espazos naturais de singular importancia para a biodiversidade e os instrumentos orzamentarios para cumprir os fins perseguidos coa declaración do espazo.

Nesa liña, a orde de axudas para proxectos ambientais ampliarase na convocatoria 2024-2025 a toda a Rede galega de espazos protexidos, incluíndo, polo tanto, aqueles monumentos e paisaxes protexidas non declarados espazos Natura 2000 e que actualmente non contaban con esta posibilidade de financiamento.

A Costa de Dexo é un lugar de grande importancia ecolóxica tanto pola singularidade dos seus ecosistemas e hábitats como pola súa xeomorfoloxía e paisaxe. Este lugar esténdese pola franxa litoral entre o cabo de Mera e o porto de Lorbé - aproximadamente 11 km de costa-, cun rango altitudinal que vai dos 0 aos 38 metros sobre o nivel do mar.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA FORMARÁ 1.400 PERSOAS DESEMPREGADAS EN MÁIS DE 70 OBRADOIROS DE EMPREGO NO PERÍODO 2023-2024

- O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á nova convocatoria autonómica de obradoiros duais 2023-2024, dotada con case 39M€, para que os concellos desenvolvan 71 accións que combinan emprego e formación
- Os programas priorizarán a participación de persoas con especiais dificultades de acceso ao traballo como mulleres, emigrantes retornados, vítimas da violencia de xénero, maiores de 45 anos ou parados de longa duración
- Primaranse os contidos relacionados coa posta en valor das rutas do Camiño de Santiago, Aldeas Modelo e zonas Reserva da Biosfera así como as propostas TIC ou relacionadas coa economía dixital
- A Administración autonómica concede incentivos á contratación de alumnas e alumnos unha vez rematado o período formativo, que este ano crecen un 40%

A Xunta destinará no período 2023-2024 un total de 38,9 millóns de euros á realización de obradoiros duais de emprego cos cales pretende mellorar a formación laboral e as posibilidades de inserción dunhas 1.400 persoas desempregadas. A iniciativa da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade recibiu hoxe a aprobación do Consello e permitirá a posta en marcha de 71 accións por parte dos concellos.

Os obradoiros duais, con data prevista de inicio o 1 de xullo de 2023, poden ser promovidos polos concellos, mancomunidades de concellos ou entidades públicas dependentes, así como entidades sen ánimo de lucro do sector forestal. Ofrecen ao alumnado 12 meses formación cun contrato de traballo e a posibilidade dunha inserción posterior nas empresas do contorno en que se realizan.

Ademais de mellorar a empregabilidade dos seus participantes, estas accións contribúen a facer actuacións de mellora das dotacións de uso público nos municipios e a reforzar a colaboración da Xunta de Galicia cos concellos.

As alumnas e os alumnos, a maiores de formarse e realizar un traballo, poden obter un certificado de profesionalidade ao remataren a experiencia. Tamén se lles abre a posibilidade de traballar nunha empresa en ocupacións do ámbito das materias impartidas en Galicia por un mínimo de tres meses unha vez completada a formación, grazas aos incentivos que ofrece a Xunta de Galicia. O orzamento destinado polo Goberno autonómico este ano a estes incentivos elévase un 40% con respecto ao anterior, ata acadar os 1,2 millóns de euros.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Para accederen a estes obradoiros, priorizaranse as persoas que teñan especiais dificultades de inserción: emigrantes retornados; mulleres; vítimas de violencia de xénero; persoas que esgotaron as prestacións e subsidios por desemprego; parados de longa duración; maiores de 45 anos; persoas que carecen de títulos universitarios e de FP de grao superior, entre outras. Terán preferencia tamén as persoas que solicitaron este servizo a través da súa demanda de emprego e, dentro destas, aquelas que teñan prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción laboral.

En canto á programación, a convocatoria porá o foco na formación forestal e as iniciativas centradas na posta en valor das rutas do Camiño de Santiago, das aldeas modelo ou das áreas declaradas reservas da biosfera. Tamén obterán máis valoración as propostas de actividades relacionadas coas TIC e coa economía dixital e a relación do proxecto co tecido empresarial e coas posibilidades de inserción futura.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# XUNTA E FUNDACIÓN RONSEL PORÁN EN MARCHA A CUARTA EDICIÓN DO PROGRAMA MENTORING PARA A MELLORA E CONSOLIDACIÓN DA COMPETITIVIDADE DE 200 AUTÓNOMOS

- A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade asinará un novo convenio de colaboración coa entidade, que conta con máis de 20 anos de traxectoria coas persoas emprendedoras
- Coa iniciativa búscase reducir os riscos aos cales se enfrontan as persoas traballadoras por conta propia na súa actividade profesional, acompañándoas na adaptación ou transformación dos seus negocios ás necesidades do mercado
- Mentoring desenvolve o potencial de cada persoa para convertelo en talento, xerando un mercado laboral máis forte e unha Galicia con máis oportunidades

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade asinará un novo convenio de colaboración coa Fundación Ronsel para pór en marcha a cuarta edición do programa *Mentoring* co que se busca mellorar a competitividade dunhas 200 persoas traballadoras por conta propia. A iniciativa ten como finalidade reducir os riscos das persoas traballadoras autónomas na súa actividade profesional, acompañándoas na adaptación ou transformación dos seus negocios ás necesidades de mercado e contribuír, deste xeito, ao incremento dos seus contactos profesionais e da súa actividade económica mediante melloras nas áreas de xestión e outras.

Esta actuación, dirixida a autónomos consolidados, cunha alta de máis de 42 meses, lévase desenvolvendo desde o ano 2020 e desde entón participaron neste programa uns 600 autónomos. Na última edición, a terceira, que tivo lugar en 2022, tomaron parte 50 mentoras e mentores e preto de 220 profesionais.

No marco do programa terán lugar, entre outras actuacións, o impulso da Rede de mentoras e mentores aos cales se lles dará formación, actividades de *networking* e cualificación ás persoas autónomas. Nesta nova edición, como novidade, darase un impulso ás accións e encontros de carácter presencial e programaranse novas actividades na modalidade en liña, como son charlas abertas de promoción da actividade profesional, reunións arredor dos consellos de mentoras e mentores, e webinaros centrados, entre outros, na xestión do estrés e no manexo da intelixencia emocional.

Cun investimento de 250.000 euros, o Goberno galego aposta por esta ferramenta de desenvolvemento do potencial das persoas e faino da man da Fundación Ronsel, que conta con máis de 20 anos de traxectoria coas persoas emprendedoras. A metoloxía *mentoring* permite que a persoa mentora transfira a súa experiencia e os seus

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

coñecementos aos participantes no programa, establecéndose unha confianza entre ambas as partes que se instrumenta mediante un proceso de acompañamento e orientación a través da experiencia. O *mentoring* desenvolve o potencial de cada persoa para convertelo en talento, xerando un mercado laboral máis forte e unha Galicia con máis oportunidades.

A Fundación Ronsel vén desenvolvendo unha metodoloxía de *mentoring* mediante o programa *Youth Business Internacional*, que permitiu axudar con éxito a máis de 25.000 emprendedores en 62 países.

### **Galicia Camiño Emprendedor**

Como acción complementaria do programa de *mentoring* lévase a cabo o subprograma *Galicia Camiño Emprendedor*, a través do cal se organizan catro etapas anuais do Camiño de Santiago (unha por cada provincia galega, promocionando catro rutas oficiais), coa finalidade de impulsar o proceso de mentorización, practicar as relacións profesionais e fomentar as habilidades de comunicación e xeración de alianzas, e promocionar negocios de hostalaría e aloxamento que sirvan como exemplo pola súa vinculación ao Camiño de Santiago, pola singularidade do seu modelo de negocio, defensa das tradicións ou outras características de interese.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA LICITA POR 7,8 M€ O CONTRATO PARA DESENVOLVER A NOVA VERSIÓN DA HISTORIA CLÍNICA ELECTRÓNICA EN TODO O SERGAS**

- Este novo expediente permitirá integrar nunha plataforma única (IANUS5) tanto a nova versión do módulo base da historia clínica electrónica como a actualización doutros módulos conectados con ela, como a e-receita ou a plataforma de teleasistencia Telea
- A extensión desta actualización da historia clínica xeneralizará funcións como a carpeta persoal de saúde do paciente, a conectividade cos dispositivos médicos como cardioimplantables ou bombas de insulina ou o uso de Big data
- Facilitará o seguimento e a atención compartida dos pacientes crónicos complexos por parte do persoal sanitario de Atención Primaria, atención hospitalaria e centros sociosanitarios
- A historia clínica electrónica do Servizo Galego de Saúde recibe máis de 60 millóns de accesos ao ano, representando un pilar fundamental na práctica clínica diaria de máis de 24.000 profesionais sanitarios

O Consello da Xunta autorizou a licitación do desenvolvemento das aplicacións e módulos que conforman o sistema de información da historia clínica electrónica do Servizo Galego de Saúde por un importe de 7.805.952 euros.

Este expediente permitirá levar a cabo a evolución e consolidación da historia clínica electrónica do Servizo Galego de Saúde (IANUS), transformándoa nunha plataforma única (IANUS 5), na cal se recollerán tanto as funcionalidades do anterior sistema (IANUS 4) como as das aplicacións resultantes dos distintos plans de innovación previos do Servizo Galego de Saúde, como é o caso dos programas InnovaSaúde e Código100.

A historia clínica electrónica do Servizo Galego de Saúde representa na actualidade un pilar fundamental na práctica clínica diaria de máis de 24.000 profesionais, que realizan máis de 60 millóns de accesos ao ano con máis de 240.000 anotacións diarias.

As principais novidades que inclúe IANUS5 potencian a capacidade de conectar cos pacientes, avanzando na transformación dixital, achegando novidades como a carpeta persoal de saúde, a videoconsulta, a conectividade cos dispositivos de saúde (cardioimplantables, hemodiálise, ou bombas de infusión e medición continua da glicemia) ou a busca de casos, que lle permite ao profesional botar man do Big data e da información que se xera cada día a través da plataforma.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Outro dos aspectos en que incide esta actualización é na identificación dos pacientes que precisen seguimentos especiais e transversais, como por exemplo o paciente crónico complexo, despregando un novo modelo de atención compartida na xestión de pacientes crónicos complexos, no cal, grazas á nova historia clínica, o persoal de atención primaria, o hospital de referencia do paciente e o persoal sanitario do centro sociosanitario participarán no labor asistencial de forma integrada. Máis de 200 residencias sociosanitarias teñen xa acceso á historia clínica electrónica grazas á colaboración entre as consellerías de Sanidade e Política Social.

Por outra banda, o sistema permitiralle ao profesional recibir alertas interactivas asociadas a pacientes personalizados (por exemplo, dos pacientes que, polos seus antecedentes, son candidatos a enfermidades crónicas complexas, ou dos pacientes con falta de adhesión ao tratamento).

Así, para acadar o bo funcionamento dos novos modelos de asistencia sanitaria, que se apoian na transformación dixital, é preciso evolucionar os sistemas de información que actualmente emprega o departamento sanitario da Xunta.

Deste xeito, a contratación de servizos de desenvolvemento permitirá facer evolucionar tamén, xunto co módulo base de historia clínica electrónica, o módulo de e-receita; o módulo de Administración; o módulo xeral de petición electrónica (XPE); o módulo de conexión co Sistema nacional e europeo de historia clínica electrónica (HCSNS); o módulo de historia clínica para dispositivos móbiles (HCEMOV); o módulo de alertas multinivel (ALERTA); a Plataforma de telemonitorización e seguimento (TELEA); a aplicación de rexistro de instrucións previas asociadas á historia clínica electrónica (REGAIP); a aplicación de xestión de equivalencias en terminoloxía clínica e codificación (XESCO), ademais doutros servizos de soporte de terceiro nivel (actualizacións da plataforma para evitar problemas de ciberseguridade ou soporte ás integracións de dispositivos médicos na nube con IANUS).

A nova plataforma resolverá a necesidade de incorporar ferramentas que permitan dispoñer dun sistema intelixente, adaptativo, preventivo, predictivo, poboacional e personalizado no tratamento e seguimento de cada paciente, en función das súas características e necesidades, o que constitúe a base dunha atención dixital personalizada.

IANUS5 substituirá os sistemas actualmente dispoñibles, integrando toda a súa funcionalidade, ademais de permitir o apagado do sistema que o precedeu, e obter un contorno moito máis cohesionado, sustentable e eficiente.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Transformación dixital sanitaria en Galicia**

A incorporación das novas tecnoloxías no ámbito sanitario galego está a permitir a optimización dos recursos de que dispón o Sergas, dando lugar a unha prestación máis eficiente e resolutive, tanto no caso dos paciente e usuarios como no caso dos seus profesionais.

Galicia avanza na transformación dixital e no desenvolvemento dos proxectos TIC no conxunto dos ámbitos da sanidade pública, e ten como principais liñas de actuación a transformación dixital da atención sanitaria na atención primaria e comunitaria, a transformación dixital no ámbito da saúde pública, a transformación dixital das 7 áreas sanitarias e o apoio tecnolóxico á posta en marcha dunha oitava área de saúde virtual, a ampliación da infraestrutura TIC nos hospitais e nos centros de saúde ou o *datalake* de datos de saúde, co cal se pretende poñer en valor a inxente cantidade de datos de saúde almacenados co ánimo de fomentar a investigación biomédica garantindo a protección dos datos e a intimidade das persoas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA APROBA A COMPRA CENTRALIZADA DE MATERIAL FUNXIBLE E DO EQUIPAMENTO NECESARIO PARA REALIZAR PROBAS DE DETERMINACIÓN DE GASES EN SANGUE POR 3,4 M€**

- Trátase da primeira contratación centralizada do Sergas deste tipo de material, garantindo a máxima homoxeneización de produtos e procedementos que avalan a máxima calidade e equidade na atención aos nosos usuarios
- A gasometría arterial é unha proba que permite analizar, de maneira simultánea, o estado de oxixenación, ventilación e ácido-base dun individuo, proporcionando información sobre a gravidade e evolución de patoloxías previamente coñecidas

O Consello da Xunta aprobou, na súa reunión semanal, a contratación da subministración sucesiva de todo o material funxible necesario para a realización de probas de determinación de gases en sangue, así como o arrendamento do equipamento necesario para a realización das ditas probas e o mantemento deses equipamentos nos centros sanitarios do Sergas, por un importe de 3.476.904 euros, no período 2023-2026.

Trátase da primeira contratación centralizada do Sergas deste tipo de material e garante a máxima homoxeneización de produtos e procedementos que avalan a máxima calidade e equidade na atención aos nosos usuarios.

Os obxectivos desta contratación son garantir a máxima homoxeneización de produtos e procedementos que avalen a máxima calidade e equidade na atención aos nosos usuarios e mellorar o seu prezo de adquisición, establecendo un prezo único, evitando desta maneira variacións significativas no prezo de compra entre os distintos centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde..

Esta licitación xorde da necesidade de satisfacer a demanda asistencial das áreas sanitarias do Sergas da subministración dos diferentes produtos para a determinación de gases en sangue, así como o arrendamento e mantemento dos equipamentos necesarios para a realización das ditas probas na atención sanitaria especializada.

Cómpre subliñar que a gasometría arterial é unha proba que permite analizar, de maneira simultánea, o estado de oxixenación, ventilación e ácido-base dun individuo, proporcionando información sobre a gravidade e evolución de patoloxías previamente coñecidas que supoñan anormalidades no intercambio gasoso.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA DESTACA QUE A XUNTA AVALA O NOVO DECRETO DE DEPENDENCIA QUE FACILITARÁ E SIMPLIFICARÁ O ACCESO A SERVIZOS E AXUDAS**

- Asegura que o obxectivo é “reducir o papelame, eliminar duplicidades e acelerar o tempo ata que o dependente recibe a prestación”
- Subliña que permitirá reducir a cantidade de documentos que deben presentar as persoas interesadas en obter un recoñecemento de dependencia, “ao pasar dunha ducia a dous: un informe médico e un informe social”
- Ademáis unificará nun só procedemento os dous que se requiren agora para obter un recurso de dependencia: o de solicitude de recoñecemento de grao e o Programa individual de atención (PIA)
- Redefinirá o concepto PIA para facelo máis completo e duradeiro

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou de que o Consello aprobou esta mañá o proxecto de decreto de dependencia, que será remitido nos próximos días ao Consello Consultivo de Galicia e que permitirá facilitar e simplificar o acceso a servizos e axudas. “O obxectivo é reducir o papelame, eliminar duplicidades e acelerar o tempo ata que o dependente recibe a prestación”, indicou.

Rueda resaltou que grazas a este novo marco normativo, que se enmarca no Plan de choque da dependencia que ten en marcha a Xunta, vai cambiar “sustancialmente” o procedemento para obter a valoración do grao de dependencia ou a prestación correspondente.

O decreto vai incidir en tres aspectos fundamentais. Por unha banda, a redución do número de documentos que deben presentar as persoas interesadas en obter un recoñecemento de dependencia. “De presentar unha ducia de documentos pasarase só a dous: un informe médico e un informe social”, indicou Rueda.

En segundo lugar, unificará nun só procedemento os dous que se requiren agora para obter un recurso de dependencia, o de solicitude de recoñecemento de grao e o Programa individual de atención (PIA). Tal e como explicou o presidente, na actualidade ata que non se finalizaba a valoración do usuario e se lle recoñecía un grao de dependencia non se realizaba o PIA. “Agora vaise tramitar todo o mesmo tempo”, indicou Rueda, quen explicou que con este decreto tampoco será necesario volver a iniciar todo o proceso no caso de que varíe a situación do usuario.

E en terceiro lugar, redefinirase o concepto PIA —a receita do servizo ou prestación que precisa cada persoa en función da súa situación— para facelo máis completo e duradeiro.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Deste xeito, o programa comportará unha prestación económica pública e incluírá alternativas ao servizo preferido no caso de que a primeira opción do solicitante non conte con prazos dispoñibles nese momento.

Tal e como avanzou Rueda, os usuarios con o PIA aprobado e que non teñan acceso nese momento ao servizo solicitado poderán recibir xa desde o inicio a prestación económica.

### **Outras melloras**

O novo decreto tamén inclúe outras melloras para axilizar e facilitar o traballo de profesionais públicos que valoran a dependencia, como crear novos centros de valoración ou facilidades para xustificar os pagamentos dos bonos de residencia, centro de día, axuda no fogar ou asistente persoal, e a redución no papelame para percibir a axuda por coidador no contorno familiar.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA ANUNCIA DÚAS NOVAS LIÑAS DE AXUDAS DA XUNTA POR VALOR DE 2,7 M€ PARA APOIAR OS GALEGOS DO EXTERIOR NO SEU RETORNO A GALICIA**

- Unha liña vai dirixida a facilitarlles a posta en marcha de iniciativas emprendedoras e outra para que poidan afrontar os gastos excepcionais que supón asentarse na comunidade
- As persoas interesadas contan co apoio da Oficina Integral de Asesoramento e Seguimento ao Retorno
- O Goberno galego ten en marcha a segunda edición da Estratexia Galicia Retorna á que destina 450 M€ co obxectivo de facilitar, ao longo dos vindeiros catro anos, o regreso de 30.000 galegos e galegas que viven no exterior

O presidente do Goberno galego, Alfonso Rueda, anunciou hoxe dúas novas liñas de axudas económicas, dentro da segunda edición da Estratexia Galicia Retorna, para facilitar o retorno dos galegos do exterior. Cun orzamento global de 2,7 millóns de euros estas partidas van dirixidas, por unha parte, a facilitarlles a posta en marcha dun negocio por conta propia e, por outra, a apoiar a estas persoas retornadas nos gastos excepcionais derivados de asentarse na nosa comunidade.

O fomento do retorno dos galegos e galegas do exterior é unha das liñas estratéxicas do Goberno autonómico para facer fronte ao reto demográfico, non só como unha cuestión poboacional, senón que se trata tamén de sumar talento para enriquecer o tecido empresarial con profesionais de ampla experiencia e formación.

O presidente da Xunta lembrou que o Goberno galego ten en marcha unha segunda edición da Estratexia Galicia Retorna á que se destinan 450 millóns de euros e que ten como obxectivo facilitar, ao longo dos vindeiros catro anos, o regreso de 30.000 galegos que viven no exterior. "Obxectivo realista, porque se cumpriu xa na primeira edición", remarcou.

En canto á liña de axudas ao retorno emprendedor, Rueda explicou que contarán cun orzamento de 1 millón de euros. O importe desta axuda é de 6000 euros, 1000 máis se o emprendedor é muller, e 3000 máis se reside nun concello rural, chegando así, como máximo, aos 10.000 euros.

Segundo se desprende dos datos dos últimos anos relativos á concesión destas axudas, os principais países de procedencia dos beneficiarios son Venezuela, o Reino Unido, Suíza, o Brasil e México, cunha idade media dos emprendedores de 41,2 anos. O 77 % deles contan con experiencia no sector en que investiron, e o 52,1 % deles son retornados nados en Galicia.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En canto a liña de axudas extraordinarias ao retorno, o presidente da Xunta precisou que teñen como obxectivo facer fronte aos gastos excepcionais xerados do retorno, cun investimento para 2023 de 1,7 millón de euros.

O importe da axuda establécese en función dos puntos obtidos ata chegar a un límite de 6000 euros, xa que se incrementa a axuda se a familia reside nun concello rural, e en función do número de fillos. Os principais países de procedencia das persoas beneficiarias son, segundo os datos dos últimos 5 anos, Venezuela, a Arxentina, o Brasil, Cuba, Uruguai, México, o Reino Unido, os Estados Unidos e Chile. A maioría dos beneficiarios eran fillos de nados en Galicia, aínda que se está a notar un aumento no número de netos retornados.

Todos os galegos e galegas do exterior que desexen volver a Galicia contan co apoio da Oficina integral de asesoramento e seguimento ao retorno, situada nas principais cidades galegas e onde se lles facilita toda a información que precisan no seu regreso, mesmo antes de que se produza esta volta, desde o seu país de residencia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA PRESENTA A APLICACIÓN *CONTACARNE* NO MARCO DA ESTRATEXIA DE DINAMIZACIÓN DO SECTOR CÁRNICO DE GALICIA PARA MELLORAR A XESTIÓN DAS EXPLOTACIÓNS

- O Consello da Xunta avaliou un informe da Consellería do Medio Rural sobre esta ferramenta, que permitiralles aos gandeiros calcular os seus custos de produción para reforzar a súa posición negociadora dos prezos da carne
- Os produtores poderán levar a contabilidade das súas granxas mediante unha aplicación web de uso sinxelo e intuitivo, na cal simplemente terán que darse de alta para controlar os principais parámetros financeiros da súa explotación
- O sector cárnico é un dos piares fundamentais da economía de Galicia que se viron máis afectados pola suba dos custos de produción, derivada da alteración do mercado internacional de materias primas e subministracións tras a invasión rusa de Ucraína

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe da Consellería do Medio Rural onde se dá a coñecer a posta en marcha de *Contacarne*, unha aplicación informática que busca reforzar a posición negociadora dos prezos da carne por parte dos gandeiros, ao abeiro da Estratexia de dinamización do sector cárnico de Galicia.

Así, esta aplicación permitirá calcular os custos de produción, así como o prezo da carne que debe recibir cada gandeiro para cubrir todos os custos da súa explotación. Desta forma, a persoa usuaria poderá dispoñer dun informe de resultados do ano e levar anualmente a contabilidade da súa explotación.

Neste sentido, as persoas gandeiras galegas poderán darse de alta en *Contacarne* como usuarios, logo de introducir os datos básicos da súa explotación (número de persoas propietarias, persoas traballadoras, superficie agraria útil (SAU), investimentos, así como os datos de ingresos e gastos), ou ben como usuarios profesionais, o cal permite rexistrar varias explotacións que estean baixo o mesmo sistema de xestión técnico-económica e obter un informe/diagnose comparativo delas.

Esta aplicación (a ligazon web é a seguinte: <https://www.contacarne.gal/contacarne/>) vai dirixida a un sector que se viu especialmente afectado pola suba dos custos de produción, derivada da alteración do mercado internacional de materias primas e subministracións tras a invasión rusa de Ucraína. Sucede a *Contaláctea*, unha aplicación na mesma liña impulsada no marco da Estratexia de dinamización do sector lácteo.

#### **Estratexia de dinamización do sector cárnico de Galicia**

A Consellería do Medio Rural presentou en xaneiro a Estratexia de dinamización do sector cárnico, que busca situar Galicia como rexión produtora de referencia cun alto

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

nivel de competitividade e sustentabilidade ata o ano 2030. Para conseguilo, e logo dun traballo de análise, diagnose e diálogo da man do conxunto do sector en colaboración coa Fundación Juana de Vega, traballárase no marco dunha planificación que se artella en 64 medidas e 174 accións estruturadas en seis eixes estratéxicos.

En concreto, perséguese avanzar nun sector produtor organizado e profesionalizado, nunha industria competitiva, impulsada pola tecnoloxía e polo talento que garanta a soberanía alimentaria, e nuns produtos cárnicos galegos mellor posicionados nos mercados nacionais e internacionais. Tamén, nunha cadea de valor máis transparente e equilibrada, nunha sociedade concienciada coa importancia da produción cárnica galega para o desenvolvemento rural e sobre o valor nutricional da carne e, por último, nun sector cárnico máis sustentable e resiliente.

No eido normativo, de cara a aumentar a base territorial das explotacións e a súa competitividade, a Consellería do Medio Rural conta coa Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, mediante a cal se están a mobilizar áreas en estado de abandono ou infrautilización mediante ferramentas como son as aldeas modelo ou os polígonos agroforestais. Así mesmo, a futura Lei da calidade alimentaria busca servir como panca en que se asente a produción de proximidade, sa, sustentable e de calidade que sempre identifica Galicia no ámbito gastronómico.

Cabe referirse a outras actuacións como o Plan de pastos, que persegue -entre outras- adaptar a produción cárnica ás demandas do mercado, sen esquecerse das concentracións parcelarias.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### ARREDOR DE 700 PROFESIONAIS DO MARISQUEO DA RÍA DE AROUSA PODERÁN BENEFICIARSE DAS AXUDAS POLA PARADA BIOLÓXICA NOS BANCOS DOS LOMBOS DO ULLA, O BOHÍDO E CABÍO

- O *Diario Oficial de Galicia* publicará en próximos días a convocatoria destas achegas ás cales a Xunta destina 4 M€ e que están dirixidas a persoas armadoras e tripulantes das embarcacións afectadas pola veda temporal nestas zonas
- O período da parada foi debatido coas confrarías implicadas e quedou establecido desde o 1 de febreiro ata o 30 de abril de 2023 co obxectivo de que a maior parte dos potenciais beneficiarios poidan acollerse a ela
- Poderán acollerse a estas achegas as persoas armadoras e tripulantes das embarcacións da 3ª lista con porto base en Galicia, afectadas pola paralización e que levasen a cabo a actividade, cando menos, 120 días entre os anos 2021 e 2022

O *Diario Oficial de Galicia -DOG-* publicará nos vindeiros días a orde de axudas destinadas a compensar as persoas armadoras e tripulantes das embarcacións afectadas pola veda temporal nos bancos marisqueiros dos Lombos do Ulla, O Bohído e Cabío, na ría de Arousa. Poderán optar a estes apoios uns 700 profesionais de arredor de 420 embarcacións marisqueiras, e a eles a Consellería do Mar destina arredor de 4 millóns de euros cofinanciados co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP).

Estas achegas foron analizadas hoxe no Consello da Xunta e o Goberno galego pon á disposición do sector afectado pola paralización temporal da actividade nestes bancos unha decisión adoptada como medida técnica de conservación. O período da parada foi debatido coas confrarías de pescadores implicadas e quedou establecido desde o 1 de febreiro ata o 30 de abril de 2023 co obxectivo de que a maior parte dos potenciais beneficiarios poidan acollerse a ela.

A axuda darase por 61 días hábiles dese período e dela poderán beneficiarse as persoas armadoras e tripulantes das embarcacións da 3ª lista -de pesca profesional- con porto base en Galicia, afectadas pola paralización da actividade e que realizasen extracción, cando menos, 120 días entre os anos 2021 e 2022.

As persoas interesadas en cursar as solicitudes poderán consultar os requisitos e a documentación necesaria na orde que publicará o *DOG* nos vindeiros días. O prazo para presentalas será dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A posibilidade de habilitar estas axudas á paralización temporal para aplicar medidas de conservación e os períodos de descanso biolóxicos dos recursos aparece recollida no Regulamento do FEMP. Realízase para favorecer as condicións de vida e traballo das persoas que se dedican a esta actividade e para impulsar o desenvolvemento da actividade de xeito sustentable.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

